

# MESA SECTORIAL



CURSO 2009/2010

## Nº 12: RESUMO DA MESA DO 26/05/10

A Mesa Sectorial continuará o vindeiro día venres 28 de maio ás 10:00 horas xa que na sesión de hoxe mércores 26 soamente deu tempo a tratar a Orde de modificación de elección de horarios e as Ordes de peticións de destinos provisionais de primaria e secundaria. Quedan, por tanto, pendentes para o vindeiro venres a Orde de prazas de asesores na Consellaría e a Orde do Calendario Escolar para o vindeiro curso así como o punto da orde do día correspondente a Rogos e Preguntas.

Como primeiro punto da orde do día figuraba a aprobación, se procedía, da acta da mesa sectorial levada a cabo o pasado día 6 de maio. Dita acta foi aprobada unha vez feitas as correspondentes alegacións por parte das Organizacións Sindicais.

## 2ª MODIFICACIÓN DA ORDE DE ELECCIÓN DE HORARIOS

- **ANPE** fixo constar que non se trata dun procedemento usual para levar a cabo a modificación na elección de horarios. Dende ANPE entendemos que con este texto hai certos aspectos e cuestións que non quedan ben definidos e que ao noso xuízo quedan ao arbitrio dos equipos directivos dos centros.
- **ANPE** considera que para facer ben o que se pretende co texto que se nos presenta neste borrador debería acometerse coa maior urxencia posible o paso dos ROC de primaria e secundaria pola mesa sectorial. Estes ROC´s non pasaron pola mesa sectorial e, sen embargo, están pasando pola mesa Decretos de Currículo de diversos ciclos de F.P que, pola súa especificidade deberían ser acometidos por unha Comisión Técnica.
- **ANPE** considera importantísimo que se manteña o tema da antigüidade na elección dos horarios.
- Cando no texto se fala de “ter a formación adecuada”, nos preguntamos como se vai a valorar dita formación. Dende **ANPE** esiximos á Administración a

obriga de formar a todo o profesorado. Débesenos aclarar qué formación vai a facer falla para acceder a grupos do Proxecto Abalar, Seccións bilingües e Linguas estranxeiras. Non debe deixarse á libre interpretación dos equipos directivos. **A administración contesta que no texto non hai remisión para que os equipos directivos fagan o que queiran. Se recollerá no desenvolvemento do articulado do Decreto de plurilingüismo.**

- No punto 92 preocupanos o tema da impartición dos módulos de F.P. Non pode ser que xente sen titulación necesaria imparta os módulos. **A administración resposta que a pretensión é dar prioridade a aquela xente que leve moitos anos impartindo certos módulos para non modificar toda a estrutura dos centros.**
- Tamén no punto 92 pedimos unha aclaración á cuestión de que apareza a condición de catedrático nos apartados a) pero tamén despois no e). **A administración aclara que segundo o Decreto 140/2006 hai que dar prioridade a un só catedrático (o de maior antigüidade) e así se recolle no apartado a) e logo incluimos como criterio de desempate o ter a condición de catedrático (e así o recollen no apartado e))**
- Prazos para as reclamacións dos horarios: **ANPE** solicita que se reduza o prazo para que a Inspección Educativa se pronuncie e haxa tempo suficiente para poder facer reclamacións. **A administración modifica o texto poñendo un prazo de 10 días para reclamacións aos horarios por parte do profesorado ante a Inspección Educativa contados dende a adscrición. Logo a Inspección resolverá no prazo de 20 días a partir da adscrición.**
- Pola súa parte a Administración tamén anuncia que aclarará a formación que é necesaria para optar a impartir certos grupos e que no caso de secundaria farán dous bloques de elección de horarios (un para profesorado con destino definitivo e outro para profesorado con destino profesional).

### 3º ORDES DE ADXUDICACIÓN DE DESTINOS PROVISIONAIS DE PRIMARIA E SECUNDARIA

- **ANPE** considera acertado o cambio de criterio na orde de adxudicación para dar prioridade ao profesorado desprazado.
  - **ANPE** pide que se axilize o proceso de adxudicación o máximo posible.
-

- Aínda que se mellorou moito no tema dos perfís das prazas **ANPE** solicita que pasen todas polas Xuntas de Persoal xa que temos comprobado que naquelas provincias que se sigue este procedemento evita problemas futuros. **A administración acepta esta proposta. Abogarán porque as prazas pasen polas Xuntas de Persoal.**
- **ANPE** fai constar que é inviable compartir máis de 2 centros.
- **ANPE** denuncia a problemática que se está a producir concretamente na provincia de Pontevedra con respecto aos cadros de persoal (falla persoal en determinados centros). Tampouco se está a aplicar o Acordo de Itinerancias en certos casos e outro tipo de irregularidades.
- **ANPE** esixe que se oferte o menor número posible de vacantes parciais.
- Dende **ANPE** solicitamos que as prazas de Francés, PT e AL en primaria non se poidan adxudicar de oficio. **A administración non se pronuncia sobre este aspecto.**
- Na aplicación informática de peticións debe establecerse unha casilla para que aqueles que queiran solicitar unha provincia completa sen itinerancias e sen afíns non teñan que facer a petición completa. **A administración non acepta esta petición.**
- Con respecto ao texto relativo a primaria no título botamos en falla a referencia ao profesorado suprimido.
- Con respecto ao texto relativo a secundaria falla un período de reclamacións á adxudicación definitiva e falla tamén un prazo para os que aproben os procesos selectivos. **A administración correxirá estes erros detectados e informados por ANPE.**
- A administración tamén aclara que como se recolle na disposición cuarta c) da Orde relativa a primaria os titulares de AL e PT que estean no primeiro ciclo da ESO non percibirán o complemento retributivo xa que segundo a interpretación do Ministerio este profesorado “non imparte” docencia na ESO.
- Neste punto se interrompe a Mesa Sectorial ata o vindeiro día 28 de maio.